Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
VENRES, 13 DE NOVEMBRO DE 2026 | VIERNES, 13 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 218

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIMIANZO

Convocatoria proceso selectivo

VIMIANZO

Convocatoria de proceso selectivo de ordenanza no Concello de Vimianzo

Por Resolución de Alcaldía núm. 1748/2026 de data 09/11/2026 aprobáronse as bases do proceso de selección, mediante concurso oposición, para a contratación dun/dunha ordenanza no Concello de Vimianzo. Esta contratación está subvencionada ao abeiro da Resolución de Concesión de Subvención asinada pola Secretaria Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración datada no 11/08/2026 pola que se concede unha axuda ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais, cofinanciadas pola UE no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.

As bases están a disposición das persoas interesadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Vimianzo: https://sede.vimianzo.gal.

O prazo de presentación de solicitudes será o que se fixa na base 5ª.

Vimianzo, 10 de novembro de 2026

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

2026/7358

Número de anuncio 2026/7358